



prestacións sanitarias e sociais

A ANÁLISE DAS prestacións sanitarias e sociais está dividida en cinco grandes apartados: indicadores de saúde; o Servicio Galego de Saúde (Sergas); transplantes e doazóns; prestacións farmacéuticas e, finalmente, prestacións sociais.

Respecto ó primeiro punto, os indicadores de saúde considerados son a morbilidade e a sinistralidade. No apartado dedicado ó Sergas, analizados os aspectos orzamentarios en apartados anteriores deste capítulo, coméntanse variables como o número de camas, a actividade cirúrxica ou a lista de espera cirúrxica. En terceiro lugar preséntanse os datos referidos ós transplantes e ás doazóns ó longo do último ano. O estudio céntrase posteriormente nas prestacións farmacéuticas, analizando o custo tanto no caso da atención primaria como no caso da atención especializada. Finalmente, no que ás prestacións sociais se refire, preséntanse aspectos relacionados coa atención á infancia, atención a

menores en situación de desprotección, acollementos ou adopcións.

O punto de partida do capítulo pode selar a presentación dos presupostos da Xunta correspondentes á produción de bens públicos de carácter social para os anos 2000 e 2001. Tal e como reflicte o **cadro 4.4.1.**, o presuposto ascendeu a 4.149 millóns de euros, un 6,4% máis que no ano anterior. A sanidade acolleu 2.131 millóns de euros, un 6,8% máis que no ano precedente, e a educación 1.519 2 millóns de euros, un 5,1% máis que no ano 2000.

Indicadores de saúde

A análise da situación da saúde en Galicia, a partir dos datos facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, a Dirección Xeral de Tráfico e o Sergas, basearase no estudio dos principais indicadores da mesma, como son a morbilidade e a sinistralidade.



CADRO 4.4.1.

Producción de bens públicos de carácter social 2000-01

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
Sanidade	1.995.709	2.130.955	6,8
Educación	1.444.851	1.518.163	5,1
Vivenda e urbanismo	143.462	150.776	5,1
Benestar comunitario	92.189	111.776	21,2
Cultura	139.868	162.387	16,1
Outros servicios sociais e comunitarios	84.142	74.904	- 11,0
Total	3.900.220	4.148.961	6,4

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.4.2.

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2000-01

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
Loita contra as drogodependencias	2.699,7	2.790,5	3,4
Coordinación e formación da saúde pública	192,3	196,9	2,4
Coordinación de saúde pública	3,0	-	-100,0
Progr. de actuacións preventivas e prevención da xordeira	388,0	630,0	62,4
Actuación sobre factores psicosociais e hábitos de vida	-	-	-
Prevención de enfermidades transmisibles	699,9	1.056,5	51,0
Detección precoz do cancro de mama	1.471,6	1.413,9	-3,9
Prevención individualizada	105,0	222,6	112,0
Programa galego de vacinacións	4.267,2	7.669,1	79,7
Sistemas de información de saúde pública	572,1	404,0	-29,4
Inspección e laboratorio saúde pública	1.095,1	1.039,1	-5,1
Programas sanitarios	1.081,8	1.135,9	5,0
Control de riscos específicos	514,2	454,0	-11,7
Control de riscos xerais	907,6	842,8	-7,1
Equipamento informático saúde pública	241,6	284,9	17,9
Total	14.239,1	18.140,0	27,4

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.4.3.

Enfermedades de declaración obligatoria 2000-01

	2000			2001 (1)		
	número de casos	taxa/100.000 habs.	IEAC (2)	número de casos	taxa/100.000 habs.	IEAC (2)
Gripe	188.799	6.910,9	1,02	72.261	2.644,1	0,42
Tuberculose respiratoria	1.087	39,8	0,77	885	32,4	0,73
Meninxite tuberculosa	12	0,4	0,67	10	0,4	0,59
Meninxites víricas	422	15,4	4,18	165	6,0	1,43
Enf. meningocócica	133	4,9	1,11	84	3,1	0,68
Enf. invasiva por Hib.	6	0,2	1,50	7	0,3	2,33
Varicela	12.213	447,1	1,11	8.030	293,8	0,83
Sarampelo	4	0,1	0,10	3	0,1	0,17
Rubéola	53	1,9	1,00	18	0,7	0,35
Parotidite	116	4,2	0,72	72	2,6	0,52
Tose ferina	27	1,0	1,93	-	-	-
Toxoinfeccións aliment.	1.216	44,5	0,92	667	24,4	0,61
F. tifoidea e paratifoidea	29	1,1	0,54	17	0,6	0,41
Hepatite A	31	1,1	0,53	14	0,5	0,24
Hepatite B	72	2,6	0,77	67	2,5	0,83
Outras hepat. víricas	341	12,5	1,14	292	10,7	1,00
Brucelose	7	0,3	0,25	20	0,7	1,00
Sífilis	43	1,6	0,80	44	1,6	0,98
Infec. Gonocócica	295	10,8	0,42	145	5,3	0,30

(1) datos ata o 3-11-2001

(2) índice epidémico acumulado

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública, Boletín Epidemiolóxico de Galicia



CADRO 4.4.4.

GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas 2000-01

	2000		2001	
	Altas válidas	Estadía media	Altas válidas	Estadía media
Parto sen complicacións	9.773	3,41	9.251	3,40
Trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior	7.573	12,02	6.195	11,92
Insuficiencia cardíaca e choque	4.236	9,06	3.899	9,37
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT	3.679	13,09	3.594	13,42
Reimplant. maior art. e membro extr. inferior sen infección	3.447	14,45	3.390	14,62
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	3.238	7,57	3.175	7,04
Enfermidade pulmonar obstructiva crónica	3.098	9,32	2.427	8,75
Quimioterapia	2.815	3,45	2.764	2,90
Parto con complicacións	2.794	4,25	2.771	4,19
Esofagite, gastroenterite e tr. dixest. miscel. idade < 18 sen cc.	2.697	3,49	2.112	3,48
Cesárea sen complicacións	2.678	9,01	2.689	8,83
Esofagite, gastroenterite e tr. dixest. miscel. idade > 17 sen cc.	2.619	6,83	2.525	6,70
Procedementos sobre cristalino con ou sen vitrectomía	2.468	2,09	1.887	2,03
Procedementos hernia inguinal e femoral idade > 17 sen cc.	2.441	3,67	2.282	3,50
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc.	2.402	4,49	2.216	4,38
Anxina de peito	2.391	7,35	1.820	7,14
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	2.148	2,61	2.270	2,51
Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas	2.139	4,23	1.906	3,93
Dilatación e legrado, conización exc. por neoplasia maligna	2.061	2,57	1.914	2,48
Psicose	2.027	21,76	1.949	23,44
Outros factores que inflúen no estado de saúde	-	-	1.576	2,25
Neonato peso ó nacer >2499g., sen proc.cirúrg. con diag. de neonato	-	-	1.543	3,64
Accidente isquémico transitorio e oclusións precerebrais	-	-	1.534	9,10
Insuficiencia cardíaca crónica e arritmia cardíaca con cc.maior	-	-	1.453	12,32
Procedementos otorrinolaringolóxicos misceláneos	-	-	1.433	2,53
Total	66.724	-	68.575	-

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos

Fonte: Sergas

A Xunta de Galicia aplica unha serie de medidas ou programas destinados á protección e promoción da saúde, tal e como se recolle no **cadro 4.4.2**. No ano 2001 dedicáronse un total de 18.140 miles de euros, un 27,4% máis que o dedicado o ano anterior, sendo as dúas primeiras partidas as de vacinacións e a da loita contra as drogodependencias con 7.669,1 e 2.790,5 miles de euros, respectivamente.

• Morbilidade

O **cadro 4.4.3**. amosa os principais datos da enfermidades de declaración obrigatoria, onde como aspecto importante cómpre salienta-lo descenso do número de casos notificados na meirande parte das enfermidades. Ó longo do ano 2001 (ata o 31 de novembro) notificáronse un total de 72.261 casos de **gripe** en Galicia, o que supón unha taxa de 2.644,1 casos por cada 100.000 habitantes. No ano 2000, houbo en Galicia un total de 188.799 casos de gripe, que representa unha taxa por cada 100.000 habitantes de 6.910,9 casos.

A **varicela** é a segunda enfermidade máis importante en canto ó número de casos, con 8.030 casos, presentando unha incidencia de 293,8 caso por cada cen mil habitantes. No ano 2000 declaráronse un total de 12.213 casos, 447,1 caso por cada cen mil habitantes.

No que á **sida** se refire, no ano 2001 notificáronse un total de 11 casos de sida, fronte ós 88 casos do ano 2000. Comparado co total estatal, en Galicia notificáronse o 2,3% dos casos no ano 2001. Do total dos casos rexistrados a 31 de decembro do 2001 hai en Galicia 2.840 casos de sida, dos que un 78% dos caso corresponden a varóns.

A vía de transmisión máis frecuente segue a se-la de compartir material de inxección para a administración parenteral de drogas (68%), o que se confirma tanto en homes como mulleres (70% e 61,1%, respectivamente).

O **cadro 4.4.4**. recolle unha agrupación das **altas** en función da súa complexidade (GRD) que constitúe o sistema de medición

4.

Accidentes de tráfico con víctimas mortais 2000-01

	Accidentes		Mortos	
	2000	2001	2000	2001
Andalucía	572	549	657	674
Aragón	177	142	208	174
Asturias	93	66	106	70
Baleares	96	102	107	118
Canarias	119	111	134	122
Cantabria	46	37	55	42
Castela e León	360	403	468	490
Castela-A Mancha	292	279	338	328
Cataluña	547	474	638	551
C. Valenciana	344	333	398	383
Extremadura	120	113	140	137
Galicia	340	323	382	360
Madrid	217	215	254	240
Murcia	110	114	120	150
Navarra	81	77	99	89
País Vasco	124	128	143	142
A Ríoxa	40	45	48	59
Total	3.678	3.511	4.295	4.129

Fonte: Dirección General de Tráfico

4.

da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Os partos sen complicacións e os trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior seguen sendo os que presentan o maior número de episodios, con 9.251 e 6.195 episodios no ano 2001, respectivamente. Comparado co ano anterior, cómpre salientalo descenso do número das altas no caso dos trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior e das enfermidades pulmonares obstructivas crónicas, con 1.378 e 671 altas válidas menos.

En relación á **estadía media**, tres destes diagnósticos (trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior, trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT, e reimplant. maior art. e membro extremidade inferior sen infección) presentan unha estadía media particularmente elevada. Comparado co ano anterior, prodúcese unha lixeira medra nos dous últimos diagnósticos, mentres que no primeiro caso, a estadía media descende nunha décima.

• **Sinistralidade**

No concernente á sinistralidade, cómpre diferenciar entre aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No

primeiro caso, o **cadro 4.4.5.** amosa que no ano 2001 en Galicia, prodúcese un descenso do número de accidentes con vítimas mortais. Este ascendeu en Galicia a 323 accidentes no ano 2001 (17 menos que no ano anterior), representando o 9,2% do número total de accidentes mortais en España (3.511 accidentes). No caso das persoas falecidas, o seu número descende no ano 2001 en 22 persoas respecto ó ano 2000, chegando ós 360 falecidos (o 8,7% do total de persoas falecidas en España).

En relación ós accidentes laborais, o **cadro C.2.13.** (*Accidentes e enfermidades profesionais 2000-01: distribución segundo a gravidade e sectores económicos*) reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia aumentou no ano 2001 un 6,4% respecto ó ano precedente para situarse nos 46.396 accidentes (43.590 no ano 2000).

Por sectores, o 34% dos sinistros (15.770 accidentes) aconteceron no sector servizos; o 32,5% (15.087), na industria; un 26,3%, no sector da construción (12.183), e o 7,2% restante (3.356), no sector primario.

Do total dos accidentes laborais con baixa rexistrados no ano 2001, o 97,7% corresponderon a accidentes leves (45.347

CADRO 4.4.6.

Camas instaladas e funcionantes nos hospitais do Sergas 2000-01 ⁽¹⁾

Hospitais	2000		2001	
	Camas instaladas	Camas funcionantes	Camas instaladas	Camas funcionantes
C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza	1.300	1.300	1.370	1.370
C.Universitario de Santiago	1.181	1.149	1.136	1.113
C.H. Xeral-Calde	821	728	795	713
C.H. Ourense	1.091	877	880	875
C.H. Xeral Cies	678	678	669	669
H. Meixoeiro	416	391	422	415
C.H. Arq. Marcide-Novoa Santos	411	398	442	374
C.H. Pontevedra	668	616	608	570
F.H. da Barbanza	84	84	84	84
F.H. Virxe da Xunqueira	76	76	76	74
H.C. da Costa	127	127	127	126
H.C. de Monforte	139	139	139	139
H.C. de Valdeorras	62	62	96	93
F.H. de Verín ⁽²⁾	70	70	80	80
H. Nicolás Peña			90	86
F.H. Salnés ⁽³⁾			80	80
Total	7.123	6.694	7.094	6.861

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) os datos corresponden ó mes de outubro de 2000

(3) datos provisionais

Fonte: Sergas

CADRO 4.4.7.

Camas instaladas e funcionantes nos hospitais concertados do Sergas

	Camas instaladas (1)	Camas funcionantes (2)
Centro Oncolóxico de Galicia	80	96
Instituto Médico-Cirurxico San Rafael	141	141
Instituto Policlínico Santa Teresa S.A.	133	97
Sanatorio Cirúrxico Modelo S.A.	100	100
Hospital Xeral Juan Cardona	242	205
Fundación Públ. Hospital Virxe da Xunqueira	76	74
Instituto Policlínico A Rosaleda S.A.	86	65
Sanatorio N. Sra. da Esperanza	40	40
Sanatorio Souto Boo	5	-
Fundación Públ. Hospital da Barbanza	84	84
Policlínico Lucense S.A.	99	99
Sanatorio N. Sra. dos Ollos Grandes	45	45
Centro Médico El Carmen	49	49
COSAGA	70	43
Fundación Públ. Hospital Verín	80	80
Sanatorio Miguel Domínguez	104	104
Sanatorio Marescot S.L.	55	55
Sanatorio Santa María S.L.	69	54
Sanatorio Ntra. Sra. de la Merced	49	49
Centro Médico El Castro Vigo S.A.	49	55
Centro Médico Gallego S.A. (Clínica Fatima)	200	184
Hospital da Cruz Vermella	70	70
Policlínico Vigo S.A.	474	351
Total	2.400	2.140

(1) Datos a 31/12/01

(2) Datos a 31/12/00

Fonte: Sergas

accidentes), e un 2,3% (1.049 accidentes) foron graves ou mortais.

O Servicio Galego de Saúde

Analizados xa os aspectos orzamentarios e os programas de gastos do Sergas nos capítulos 4.1.- Cobertura e financiamento, e 4.2.- Prestacións sanitarias e sociais,

neste apartado farase referencia ós datos do número de camas instaladas e funcionantes nos distintos hospitais do Sergas e nos hospitais concertados, así como á actividade cirúrxica.

Os **cadros 4.4.6. e 4.4.7.** amosan que os hospitais do Sergas, propios ou concertados, contaban no ano 2001 cun total de 9.494



Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2000-01

	2000	2001	01/00 (%)
Doantes de órganos	95	71	-25,26
Transplantes de órganos	324	282	-13,0
Transplante renal	134	104	-22,4
Transplante hepático	121	107	-11,6
Transplante cardíaco	46	39	-15,2
Transplante pulmonar	17	23	35,3
Transplante pancreático	6	9	50,0
Transplantes de tecidos	677	571	-15,7
Trans. progenitos hematopoyético	104	130	25,0
Transplante córneas	139	124	-10,8
Transplante oso	366	290	-20,8
Transplante vasos sanguíneos	51	13	-74,5
Transplante válvulas cardíacas	17	14	-17,6

Fonte: Sergas, Oficina de coordinación de Transplantes

camas instaladas, mentres que o número de camas funcionantes acadou as 9.001 camas. Os hospitais concertados do Sergas acolleron no ano 2001 un total de 2.400 camas instaladas (o 25,3% do total das camas instaladas), das que 2.140 (o 23,8% das camas funcionantes galegas) eran camas funcionantes.

de Galicia, seguida de Pontevedra. con 43.867 intervencións (un 28,8%).

A **lista de espera** presentou un aumento da demora media, que pasa dos 67,0 días de 2000 ós 74,5 días do ano 2001. Asemade, prodúcese unha medra do número de pacientes na lista de espera, que acada as 17.918 persoas (16.922 no 2000).

4.

Segundo os datos do Insalud no documento “*Los equipos de atención primaria. Propuestas de mejora*”, o número de médicos de familia ascendeu en Galicia a 1.572 e o de pediatras a 286, o que representa o 7% e 5,8% do total do Sistema Nacional de Saúde, respectivamente. A ratio facultativos/poboación foi en Galicia de 1.395, fronte ós 1.374 do conxunto do SNS.

Respecto á **actividade cirúrxica** nos hospitais do Sergas, **cadro C.4.10.** (*Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2000-01*), no ano 2001, ó igual que no ano anterior, aumenta o número de intervencións realizadas, acadando as 152.082 intervencións (8.896 máis que no ano precedente). Deste total, 118.438 intervencións son intervencións programadas (o 77,9%), mentres que as 33.644 intervencións restantes son intervencións urxentes (22,1%).

Atendendo á desagregación provincial, A Coruña é a que presenta o maior número de intervencións, con 65.157, o 42,8% do total

Transplantes e doazóns

Respecto ós transplantes en Galicia nos ano 2000 e 2001, o **cadro 4.4.8.** amosa un descenso dos mesmos tanto no caso dos transplantes de órganos (un 13% menos) como no caso dos tecidos (un 15,7% menos). Entre os transplantes de órganos (282), cómpre salientalo predominio dos transplantes de figado (107) e ril (104), realizándose 39 de corazón, 23 de pulmón e 9 de páncreas. Entre os transplantes de tecidos (571), os máis importantes corresponden ós de oso, con 290, os transplantes proxénitos hematopoyéticos, con 130, e os de córneas, con 124.

En canto ás doazóns, no ano 2000 o número de doantes de órganos acadou ós 71, 24 menos que no ano anterior.

Prestacións farmacéuticas

O custo da prestación farmacéutica no ano 2001 ascendeu a 651,6 millóns de euros,

CADRO 4.4.9.

Custo da prestación farmacéutica 2000-01

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
Galicia			
Atención primaria (1)	500.936,3	546.341,6	9,1
Atención especializada	98.034,1	105.221,7	7,3
Total	598.970,4	651.563,2	8,8

(1) Inclúe o desconto aplicado segundo o RD 5/2000 do 23 de xuño
 Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

CADRO 4.4.10.

Custo da prestación farmacéutica en atención primaria 2000-01

	Gasto			Receitas			Gasto/receitas		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)			(%)	(en €)		(%)
A Coruña	192.277,2	210.138,8	9,3	15.896.111	16.804.446	5,7	12,10	12,50	3,4
Lugo	82.672,5	89.556,7	8,3	6.538.304	6.822.460	4,3	12,64	13,13	3,8
Ourense	76.647,4	82.209,2	7,3	6.175.600	6.408.565	3,8	12,41	12,83	3,4
Pontevedra	149.339,1	164.436,8	10,1	12.302.925	13.035.999	6,0	12,14	12,61	3,9
Total	500.936,3	546.341,5	9,1	40.912.940	43.071.470	5,3	12,24	12,68	3,6

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

CADRO 4.4.11.

Custo da prestación farmacéutica en atención especializada 2000-01

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
Pacientes hospitalizados	48.010	49.180	2,4
Pacientes non hospitalizados	50.020	56.040	12,0
Total	98.030	105.220	7,3

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

un 8,8% superior ó rexistrado no ano 2000. Deste custo, a meirande parte corresponde á atención primaria, que ascende a 546,3 millóns de euros, e os 105,2 millóns restantes, á atención especializada.

No concernente á prestación farmacéutica no caso da atención primaria o custo da prestación por cidadán foi de 215,18 euros no ano 2001 fronte ás 196,14 euros do ano anterior, sendo o gasto farmacéutico medio por pensionista de 552,25 euros (**cadro C.4.11.: Prestación farmacéutica en atención primaria 2000-01**).

O número de receitas dispensadas ascendeu no ano 2001 a 43.071 miles de receitas, das que as persoas pensionistas fac-

turaron un total de 31.167 miles de receitas. No ano 2001 medrou o custo medio por receita en Galicia pasando das 12,38 euros do 2000 ás 13,06 do ano 2001.

Atendendo á desagregación do custo por provincias, o **cadro 4.4.10.** reflicte que é a provincia de A Coruña a que presenta un maior gasto en receitas médicas con 210,1 millóns de euros, seguida de Pontevedra con 164,4 millóns de euros. A provincia de Lugo é a que presenta o maior gasto por receita con 13,13 euros, sendo en Ourense de 12,83 euros.

Respecto ó custo da prestación farmacéutica en atención especializada, dos 105.220 miles de euros totais, o 53,3%

(56.040 miles de euros) corresponde a pacientes non hospitalizados, e o 46,7% restante, 49.180 miles de euros, corresponden a pacientes hospitalizados. Comparado co ano anterior, o **cadro 4.4.11.** amosa que o custo da prestación farmacéutica en pacientes non hospitalizados medrou un 12%, en tanto que no caso dos pacientes hospitalizados, o seu crecemento foi do 2,4%.

Prestacións sociais

No que á **atención á infancia** a través da Rede galega de escolas infantís se refire, dentro dos recursos propios da administración, houbo un total de 22 centros dedicados á infancia de titularidade da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Estes 22 centros acollen a un total de 1.910 nenos, dos que 1.591 corresponden a nenos de idades comprendidas entre 0-3 anos, e 319 a nenos de idades entre 3-6 anos.

4.

Atendendo á desagregación provincial, o **cadro 4.4.12.** amosa que os 8 centros da provincia de A Coruña acollen a 619 nenos, e os 7 centros de Pontevedra a 669. É dicir, estes 15 centros acollen ó 67,4% dos nenos atendidos nestes centros infantís galegos.

A Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, coa colaboración da Administración Central, levou a cabo unha política incentivadora ante os concellos para a creación e xestión de diversos tipos de recursos infantís. O **cadro 4.4.13.** recolle os centros e servizos subvencionados dependentes de corporacións locais. No ano 2001 as subvencións para o mantemento e o investimento nestes centros ascendeu a 1.621,1 e 1.505,4 miles de euros, respectivamente.

Finalmente sinalar que existen unha serie de centros dependentes de entidades de iniciativa social ós que a Consellería concedeu no ano 2001 subvencións por un valor de 1.610,7 miles de euros. O número de garderí-

as subvencionadas foi de 99 e o número de prazas subvencionadas ascendeu a 960 fronte ás 3.812 do ano anterior, tal e como reflicte o **cadro 4.4.14.**

Respecto á **atención a menores** en situación de desprotección, a Consellería de Familia conta cun total de 14 institucións de titularidade propia, ós que hai que engadir, por mor dos convenios de colaboración subscritos con 49 entidades de iniciativa social, un total de 70 centros. O número de prazas existentes ascende a 1.753, da que 427 prazas corresponden ós centros dependentes da consellería.

A medida prioritaria a desenvolver polo sistema público de protección á infancia é o apoio á familia. O número de menores e familias beneficiadas en Galicia no ano 2000 ascendeu a 3.917 e 1.813, respectivamente. A contía total dedicada a esta medida foi de 2.114,2 miles de euros.

O **cadro 4.4.16.** amosa, a modo de resumo, os principais datos do **acollemento familiar** en Galicia. No ano 2001 o número de acollementos ascendeu a 799 (662 son acollementos remunerados) e o número de menores acollidos foi de 1.103, dos que 907 menores acollidos o son mediante acollementos remunerados.

O **cadro 4.4.17.** reflicte un resumo dos principais datos estatísticos de **adopción** nacional no ano 2001. Respecto ás solicitudes, o número de solicitudes de adopción nacional abertas ascendeu a 216, sendo o de solicitudes arquivadas de 185, ou o número de “solicitudes idóneas. Lista de espera” de 982 solicitudes. O número de autos de adopcións producidos no ano 2001 ascendeu a 52, dos que 21 foron na provincia A Coruña e 18 en Pontevedra.

No caso dos expedientes de adopcións internacionais, o número de expedientes tramitados ascendeu a 157, dos que 28 foron tramitados pola Dirección Xeral de Familia vía

CADRO 4.4.12.

Menos atendidos nos centros infantís dependentes da Consellería de Familia 2000-01

	2000			2001		
	0 a 3 anos	3 a 6 anos	Total	0 a 3 anos	3 a 6 anos	Total
A Coruña	512	104	616	578	41	619
Lugo	270	86	356	331	-	331
Ourense	201	109	310	209	82	291
Pontevedra	466	209	675	473	196	669
Total	1.449	508	1.957	1.591	319	1.910

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.13.

Centros e servicios infantís subvencionados pola Consellería de Familia 2000-01: centros dependentes de Corporacións Locais

	2000				2001			
	Mantemento		Investimento		Mantemento		Investimento	
	Contía	Centros	Contía	Centros	Contía	Centros	Contía	Centros
	(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)	
Centros infantís municipais	953,0	31	673,1	12	1.423,3	41	1.505,4	17
Atención á infancia no medio rural	185,7	15	-	-	197,7	15	-	-
Total	1.138,7	46	673,1	12	1.621,1	56	1.505,4	17

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.14.

Centros infantís subvencionados pola Consellería de Familia 2000-01: centros dependentes de institucións de iniciativa social

2000					
	Garderías subvencionadas		Contía das subvencións		Prazas subvencionadas
	Mantemento	Investimento	Mantemento	Investimento	
			(en miles de €)		
A Coruña	25	12	279,68	114,13	243
Lugo	1	1	37,49	2,32	27
Ourense	2	2	38,24	1,13	28
Pontevedra	21	17	1.074,81	94,10	662
Total	49	32	1.430,21	211,68	960

2001					
	Garderías subvencionadas		Contía das subvencións		Prazas subvencionadas
	Mantemento	Investimento	Mantemento	Investimento	
			(en miles de €)		
A Coruña	23	24	312,83	104,98	1.707
Lugo	2	2	50,36	6,82	90
Ourense	3	2	40,18	4,59	97
Pontevedra	23	20	995,65	95,27	1.918
Total	51	48	1.399,01	211,68	3.812

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.15.

Centros e prazas de atención a menores en situación de desprotección social 2001

	Dependentes da Consellería		Centros colaboradores	
	Centros	Prazas	Centros	Prazas
A Coruña	4	128	22	468
Lugo	2	72	11	168
Ourense	4	114	10	140
Pontevedra	4	113	27	550
Total	14	427	70	1.326

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.16.

Tipos de acollementos 2001

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Acollementos sen remunerar					
Nº de acollementos	20	2	13	71	106
Nº de menores acollidos	32	6	16	97	151
Acollementos remunerados					
Nº de acollementos remunerados	196	59	78	329	662
Nº de menores acollidos	273	80	113	441	907
Acollementos especiais					
Nº de acollementos remun.	7	7	8	9	31
Portadores de VIH	1	1	-	-	2
Minusvalía física e psíquica	-	3	-	5	8
Minusvalía física	2	-	1	3	6
Minusvalía psíquica	3	1	7	-	11
Nai menor de idade	-	-	-	-	-
Grupo de irmáns	-	-	-	1	1
Outras	1	2	-	-	3
Nº de menores acollidos	8	8	13	16	45

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.17.

Datos de adopcións nacionais 2001

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Solicitudes abertas	81	17	24	94	216
Solicitudes arquivadas	70	14	19	82	185
Solicitudes idóneas. Lista de espera	347	144	91	400	982
Resolucións de acollemento preadoptivo	46	18	22	27	113
Propostas de adopción realizadas	30	15	5	13	63
Autos de adopción producidos	21	8	5	18	52
Menores en acollemento preadoptivo	46	18	22	27	113

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

4.

CADRO 4.4.18.

Expedientes tramitados de adopcións internacionais 2001: distribución segundo país de orixe

Exped. tramitados pola D. X. de Familia vía Ministerio Asuntos Sociais					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Ucraina	4	2	-	-	6
Rusia	7	-	-	-	7
Venezuela	-	-	-	1	1
Panamá	-	-	-	1	1
O Salvador	3	-	-	-	3
Colombia	-	-	-	2	2
México	1	-	-	-	1
Brasil	-	-	-	1	1
Paquistán	1	-	-	-	1
China	-	1	-	3	4
Chile	-	-	-	1	1
Total	16	3	-	9	28

Exped. tramitados pola D. X. De Familia vía ECAI					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Perú	8	-	-	7	15
Ecuador	4	1	1	2	8
Romanía	6	9	2	10	27
Colombia	17	1	1	7	26
China	-	1	3	4	8
Total	35	12	7	30	84

Exped. tramitados vía ECAI noutras comunidades autónomas					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
China	11	5	3	3	22
Rusia	6	1	-	7	14
Bulgaria	6	-	-	1	7
Hungria	1	-	-	1	2
Total	24	6	3	12	45

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.19.

**Menores de orixe estranxeira asignados ás familias no ano 2001:
distribución segundo país de orixe**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
China	11	3	-	6	20
Romanía	7	2	-	4	13
Perú	2	-	-	3	5
Ecuador	4	-	-	1	5
Colombia	7	2	1	-	10
Rusia	3	-	-	3	6
México	1	-	-	-	1
Brasil	1	-	-	1	2
Hungría	2	-	-	1	3
Bulgaria	6	-	-	1	7
Bolivia	4	-	-	-	4
India	2	3	-	-	5
O Salvador	1	-	-	-	1
Total	51	10	1	20	82

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

o Ministerio de Asuntos Sociais, e 129 vía Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional. Por provincias, dos 157 expedientes tramitados, 75 corresponden a A Coruña e 51 a Pontevedra.

Os principais países no caso da tramitación de expedientes de adopción internacional no ano 2001 son China, Romanía e Colombia, con 34, 28 e 27 expedientes, respectivamente.

O número de menores de orixe estranxeira asignados ás familias galegas no ano 2001 ascendeu a 82 (51 deles na provincia de A Coruña), dos que 20 provén de China, 13 de Romanía, e 10 de Colombia.

No concernente á **atención ás persoas maiores**, cómpre salientar que a 31 de decembro do ano 2001 había en Galicia un total de 3.407 prazas residenciais, propias ou concertadas, nos 45 centros da Consellería de Asuntos Sociais (24 propios e 21 concertados). A provincia con maior número de residencias á Ourense, con 17 centros, seguida de Pontevedra, con 11, e de A Coruña e Lugo, con 10 e 7 centros, respectivamente.

No segundo semestre do ano 2001 aprobouse o **I Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006**, que contén as liñas estratéxicas para definir e ordena-lo conxunto de actua-

cións e recursos dirixidos ós maiores galegos. O seu obxectivo é posibilitar que os maiores leven unha vida independente no seu contorno natural, desempeñando un papel activo na súa comunidade, e afrontar axeitadamente o fenómeno da dependencia, garantindo a calidade de tódolos programas e servizos, públicos e privados, dirixidos a eles

O Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006, aprobado pola Xunta de Galicia, destaca que a poboación galega de máis de 65 anos é de 525.797 persoas, o que representa o 19,3% da poboación total. Este índice de envellecemento (porcentaxe de persoas con idade igual ou superior a 65 anos respecto á poboación total) é significativamente desigual nas catro provincias galegas, correspondendo o 25,76% a Ourense, o 25,67% a Lugo, o 17,96% á Coruña e o 15,9% a Pontevedra.

A poboación galega de máis de 65 anos concéntrase maioritariamente nos tramos de idade máis novas: o 55,23% teñen entre 65 e 74 anos; o 33,23% sitúase entre os 75 a 85 anos, e só o 11,54% superan os 85 anos.

Por outra banda, a poboación feminina ten un maior peso fronte á masculina, supoñendo o 59,27% da poboación total de maiores respecto ó 40,73% da masculina. Esta diferenza da porcentaxe de mulleres aumenta progresivamente coa idade, pasando de

supoñe-lo 56,8% en idades de 65 a 79 anos ó 67,7% de 80 anos en diante.

O investimento previsto no plan ascenderá a 163,1 millóns de euros, dos que 133,7 millóns de euros corresponden ó desenvolvemento de “accións estratéxicas persoas maiores”, 18,6 millóns de euros á construción de catro novas residencias públicas de asistidos en A Coruña, Ribeira, Santiago e Vigo, e os restantes 10,8 millóns de euros, ó investimento en accións de fomento para a creación de 20 centros multiasistenciais coa iniciativa privada en colaboración co IGAPE.

Como complemento ó Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006, o ***Programa para os maiores do rural 2002-2005*** desenvolverá accións para potencia-lo programa de acollemento familiar, o programa de animación sociocultural dos maiores, así como o programa de información e asesoramento do maior (*Teléfono do maior*) e a concertación de 400 novas prazas residenciais.

4.

O seu presuposto ascende a 10,8 millóns de euros, dos que 7,3 millóns de euros dedícaranse á concertación de novas prazas residenciais no medio rural, 2,9 millóns á potenciación do acollemento familiar do rural, 0,5 millóns de euros ó programa de animación sociocultural Don Xubiloso, e os restantes 90,2 miles de euros, ás campañas de difusión do servizo *Teléfono do maior*. ■